



# Boletín de Voluntariado

## Aliad Ultreia

XUÑO, 2016

### CONTIDO

#### PORTADA

- Retomamos o boletín de voluntariado
- Un cambio de enfoque

#### O QUE FIXEMOS

- Acollida de novas persoas voluntarias
- Voluntariado na prisión de Monterroso
- Rastrillo solidario

#### O QUE ESTÁ POR VIR

- Organización do curso de formación
- Divulgación das experiencias de voluntariado en prisión
- Incidencia social no día contra a trata
- Saídas programadas con presos e acompañamento de permisos

## Retomamos o boletín de voluntariado

Despois de varios meses co Boletín inactivo, retomamos este medio de comunicación entre a entidade e as persoas voluntarias.

O mesmo comporase de dous apartados diferenciados:

Un primeiro, no que difundiremos as accións de voluntariado que se desenvolveron os meses anteriores.

Un segundo, no que presentaremos as accións que se van dinamizar nos seguintes tres meses, co obxecto de convidarvos a participar das mesmas.

Na propia elaboración deste boletín participan as persoas voluntarias, compartindo as súas experiencias así como iniciativas que consideran de interese para o voluntariado.



## Un cambio de enfoque

Este ano Aliad Ultreia estamos a facer una aposta decidida por fortalecer a nosa área de participación social e voluntariado.

Para elo optamos por comezar o ano avaliando o punto no que nos atopamos, cuestionándonos: que concepto de voluntariado manexamos? que tipo de voluntariado temos? como o estamos a acompañar? En función disto establecemos una Liña Basal, un punto de partida sobre o que soste a nosa estratexia de fortalecemento do voluntariado.

O noso cambio de enfoque toma como base as orientacións da Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018 da Xunta de Galicia, así como de diferentes estudos e guías que orientan cara o impulso dun voluntariado transformador.

Queremos converternos en entidades que educan, entendendo ao voluntariado como un proceso pedagoxico - práctico de transformación social e reforzando as accións de formación e sensibilización social.

Entendemos que o voluntariado é unha fonte de enriquecemento como organización, que fortalece a nosa capacidade de incidencia social e política na promoción de sociedades e contextos de vida inclusivos.

Queremos que formedes parte da nosa dinámica de traballo, participando dos espazos nos que impulsamos e deseñamos as nosas accións.

É por elo que reforzaremos as canles de comunicación e espazos de encontro para unha mellor coordinación.

### Acollida de novas persoas voluntarias



O 24 de maio sumáronse á nosa equipa de voluntariado 3 novas rapazas con moitas ganas de facer cousas.

Dúas delas nos coñeceran a través das accións de sensibilización que a Rede Lucense de Voluntariado (da que formamos parte) fixemos nos Ciclos Formativos do Instituto

Politécnico, onde elas están a cursar educación infantil.

Outra delas, con ampla formación en xénero e cooperación ao desenvolvemento, coñeceunos a partir das xornadas de xénero que se organizaron na Facultade de Ciencias da Educación da USC, e da

que participou Ana Barba cunha charla sobre trata.

Nesta reunión de acollida presentamos o novo enfoque de voluntariado de Aliad e identificamos espazos de colaboración vinculados a aquelas accións máis transformadoras.

Benvidas rapazas!

### Voluntariado na prisión de Monterroso

Xa están en marcha algúns dos proxectos seleccionados na [Convocatoria de Acción Voluntaria para o desenvolvemento de actividades de carácter sociocultural, formativo e físico-deportivo no Centro Penitenciario de Monterroso](#), financiado a cargo da Obra Social La Caixa. Podían presentarse a esta convocatoria tanto presos

como persoas e colectivos do exterior.

A convocatoria enmárcase dentro do Plan de Animación Sociocultural que se deseñou en base aos resultados do diagnóstico participativo no que se implicaron os diferentes colectivos da prisión: persoas presas, equipa técnica, persoal de vixilancia e entidades externas colaboradoras.

Podedes consultar a experiencia no último número da [revista RES](#).

Actualmente están en marcha os proxectos de Reiki (Asociación de Reiki de Lugo); Teatro (con Hipócrita teatro e Cristina Collazo); loga (Iago Quintas), 'Canto e música (Andrea Verdú) e Pelota Vasca (interno do centro)

Estas actividades súmanse ao proxecto de Teatro da Escoita que dende hai anos ven desenvolvendo A Desalabar.

### Rastrillo solidario



Os días 27, 28 e 29 de maio participamos co noso Mercadillo Solidario da Feira de San Isidro que se celebrou no Barrio da Milagrosa.

Nos Mercadillos vendemos libros que dona a xente para conseguir cartos para

os programas da entidade. Nos mesmos colaboran persoas voluntarias, sendo un espazo interesante para darnos a coñecer.

Durante todo o ano recolleemos libros para dito mercado.

## O QUE ESTÁ POR VIR

# Organización do curso de formación

Como parte da nosa estratexia de fortalecemento de voluntariado, e coa vontade de converternos en entidades que educan, este ano queremos organizar un Curso de formación, a desenvolver as primeiras semanas de outubro.

O obxectivo é abordar a exclusión social dende un enfoque crítico que nos permita cuestionar o sistema que a xera, cunha maior profundización sobre os ámbitos nos que traballamos: prisión, drogodependencias e muller en vulnerabilidade.

Contamos xa cunha equipa de tres persoas voluntarias implicadas na súa organización, pero estaríamos encantadas de sumar novos/as integrantes. A entidade cubrirá cos gastos de inscrición das/os voluntarias/os que se impliquen nesta tarefa.

Pódese consultar a proposta provisional do curso no seguinte [enlace](#)

## Divulgación das experiencias de voluntariado en prisión

A Convocatoria de acción voluntaria na prisión de Monterroso é una experiencia novidosa que está a ser moi ben valorada por parte das persoas presas e do centro penitenciario.

A alta participación (con 27 proxectos presentados) visualiza a interese dos presos por participar xerando propostas, así como da cidadanía por reducir os muros que separan a prisión da comunidade da que forman parte.

O voluntariado en prisión é moi descoñecido, polo que consideramos

interesante divulgar estas experiencias. Un grupo de voluntarias mostraron a súa interese por recoller a valoración das persoas implicadas e dinamizar algún espazo no que divulgar estas experiencias.

Búscanse novas persoas voluntarias que queiran implicarse nesta acción.

## Incidencia social no Día contra a Trata

Dende hai anos, e en coordinación coas diferentes entidades e colectivos da Rede Galega contra a Trata, Aliad Ulteira participa da organización dunhas xornadas de sensibilización social a nivel galego arredor do "Día internacional

contra a explotación sexual e o tráfico de mulleres, nenas e nenos" (23 de setembro).

A maiores destas Xornadas, queremos tamén organizar algunha acción na nosa cidade, para sensibilizar á cidadanía lucense.

Para elo quixéramos contar coa participación das persoas voluntarias, motor na construción de pensamento en torno a este tema e de incidencia e transformación social. Animámosvos a participar tanto na súa organización como no propio acto.

## Saídas programadas e acompañamentos

Dende Aliad Ulteira levamos anos dinamizando un programa de Preparación para a liberdade na prisión de Monterroso. A acción do voluntariado no mesmo é clave. Dunha banda, coas persoas que saen de permiso no apartamento de Aliad, compartindo o tempo de

lecer ou acompañándoas en xestións administrativas nas que poidan precisar axuda. Doutra, nas saídas programadas, excursións coas persoas presas que realizamos cunha periodicidade trimestral.

Este ano ditas saídas asócianse a un programa de educación ambiental,

vinculado ao Proxecto Ríos e a Eira da Xoana (ADEGA) e á Casa das Árbores, de Anxo Moure.

Cada mes informaremos de ditas actividades, dende o momento da súa organización, para que as persoas voluntarias vos poidades implicar.

# Queremos contar contigo!

Sodes moitas as persoas que vos estades a implicar nos proxectos que desenvolve Aliad Ultraia ou a impulsar as vosas propias iniciativas co noso apoio. As vosas traxectorias, dispoñibilidade, expectativas e ideas son diversas e, polo tanto, tamén o voso interese en implicarvos participando das accións que impulsamos dende a asociación.

Co obxecto de poder mellorar no acompañamento e dinamización da participación, agradecemosvos que cubrades a seguinte enquisa. Na mesma preguntámosvos sobre a vosa interese en seguir participando, dispoñibilidade para facelo, e áreas nas que vos gustaría implicarvos.

Grazas pola túa colaboración!



PREME NO  
ENLACE!



Rúa Milagrosa, 99 - 101, entrechan.  
21003, Lugo  
Horario de atención ao público:  
De luns a venres: de 10 a 14  
Xoves á tarde: de 16:00 a 18:00

Teléfono: 982251948  
Fax: 982251948  
Correo: [voluntariado@aliad.org](mailto:voluntariado@aliad.org)  
Páxina web: [www.aliad.org](http://www.aliad.org)

Coa colaboración de:

